

Visitando a costa

Juan VILLAR¹

Cando nalgunha revolta da estrada o coche se aproximaba ao borde dos cantís, os seus ollos devoraban as rochas, soñando xa co xogo excitante das ostras. Sen interese ningún pola paisaxe, no seu cerebro só se amontoaban capas e capas de bivalvos, boquexando obscenamente entre carnosas palpitacións brancas.

No momento en que o seu chofer lle dixo que se aproximaban a Arcade, baixou a xanela para aseitar o aire. Desexaba sentir a perfumada salinidade dos seus soños. Por desgraza as ostras estaban todas durmindo e reservaron os seus efluvios en favor dos campos recén estercados. A impresión non lle gustou; e abandonando o sentido do olfato puxo todo o seu empeño na vista, ávida de encontrar aquela taberna da que lle falaran tanto. Xa na vila, e con ansiedade contida, pasaron e repasaron a ponte sobre o río Verdugo, todas as praciñas que lles saían ao paso e os camiños de terra que conducen ao mar, sen se atoparen co que buscaban. A ambas as beiras da rúa maior sucedíanse as tendas de zapatos, de tecidos e de louza, os bares e as cafetarías distinguidas... A tasquiña do Coxo, co seu mostrador de madeira, os seus tallos escangallados e as ostras mellores do mundo, non aparecía por ningunha parte. Despois de moito indagar informáronos de que estaba ao final dunha canella, na parte alta da vila, xa no campo, e sen ningún lembrar mariño, salvo o lamazal de cunchas da entrada.

Tiveron que deixar o coche nun aparcadoiro; e perdendo os calcañares chegaron ao *Pingallo*, “Un local coma todos”, segundo os seus informantes; e esta indefinición tíñaos perplexos. ¡Un templo para a gastronomía!, un templo que os seus amigos galegos lle ponderaran con hipérbolos andalusís, daquelas que tanto lle gustaban a aquel construtor sortudo, namorado do océano polos seus alimentos afrodisíacos, que a auga non a cataba, aínda que acostumase pasear pola praia cun albornoza ao xeito de Ágatha Ruiz de la Prada.

Situada nos alfores da vila, un pouco ao abrigo da montaña, a taberna do Coxo era certamente coma calquera tasca de principios de século, co seu mostrador de madeira de piñeiro e os seus anuncios de licores espirituosos nas paredes. Nada máis entrar acomodáronse sen cerimoniais. Os mesos eran demasiado pequenos para as redondeces do amo, e demasiado grandes para as inexistentes pousadeiras do chofer, un pauciño con bigotes, que non desperdiciaba a ocasión para se pór de perfil e así parecer máis ancho. “Somos os das ostras”, dixo don Braulio ao camareiro, que acudiu solícito. “Ben, ben”, respondeulle outra voz ao fondo do bar. “Seis ducias, ¿non?”. “Si, seis ducias”. “¿E para beber?” “Albariño, Albariño”, contestou mecanicamente o chofer, ante a mirada compracente do dono do bar, un tipo de boa cor cun estraño nariz de prato voador, que apareceu case levitando cunha fonte de ostras en cada man. Logo sen dar tempo a que os zumes gástricos se inquedasen veu con outras dúas, e con outras dúas máis, ata que varias mesas se encheron de tumbos calcáreos para saciar a gula de don Braulio e o seu chofer, que viñan dende Cádiz co único obxectivo de comer os prezados froitos de Arcade. Uns cantos da parroquia, co cóbado riba do mostrador dábanlles as costas, en aparencia indiferentes, sen deixar de escrutarlos con sorna a través dun espello fendido, propaganda de Garvey. O Albariño tiveron que poñelo ao outro lado das fontes, enriba dun velador de mármore. “¿Quen son?”, preguntou alguén. “Son os que chamaron por teléfono dende Cádiz”; e a voz soaba coa confidencialidade do que está ao tanto, coma se os dous gastronomos tivesen chamado a todos os da vila.

Don Braulio tiña un gran estilo deschavellando ostras, así ao través, coma quen corta limóns; e os limóns, dos que había unha centena, viñan abertos coma se fosen ostras. Don Braulio insistira en despachar el só un par de fontes. Moí pronto se apa-

¹ Tradución de Roberto Pascual.

garon as conversas e os da parroquia dispuxéronse a se extasiaren cun concerto de sopridos ao sorbete, succións cantareiras, pausas momentáneas e padal xitano. Zoísmo, o chofer, daba choutiños cos brazos e forcexaba, insistente, cada vez que metía o coitelo, intentando descunchar aos recalcitrantes animalíños. El tamén quixera probar sorte coa arte cisoria; pero todo foi en van. Tivo que se render e pedir axuda.

Don Braulio e Zoísmo embuchaban sen piedade, sobre todo don Braulio, aínda que Zoísmo tampouco lle ía por detrás. En pouco tempo enguliron catro empíricas ducias. Só o ruxerruxe dos vasos detiña a operación, mentres novos vilegos ían engrosando, o silencio, o retablo de miróns do anuncio de Garvey.

Á quinta ducia don Braulio soltou as cinchas dos pantalóns; e o pano, que puxera para protexer as dianteiras, foise deslizando subrepticamente e desapareceu entre as súas pernas ata se perder nun ir de ondas de panos de mesa. O Coxo montaba garda para servir o Albariño, botella a botella dende a trastenda á mesa, pasando antes polas mans dunha sirventa hierática, que observaba a escena cun exquisito pasear do cristalino, un ollo mirando á parroquia e outro aos forasteiros, finxindo, por educación, non reparar en ninguén. Ela era a que seguía a conta do pasto.

Ao chegar á fonte número catro, Zoísmo, esbagoando salitre e coa pupila xelatinosa e branca, rendeuse con armas e bagaxes. Os clientes que o observaban tiveron entón a satisfacción de o ver de fronte, agora un groso lapis por nariz, rematado cun bigotiño enfesto e delicadamente tinxido de negro. Ergueuse, fixo unhas flexións, arranxou o postizo, que simulaba un topete, e volveu caer moi dereito sobre o tallo, coma se quixese trabar-se nas táboas. A xente da parroquia aplaudiu mentalmente.

Alleo ás gabanzas sonoras, don Braulio cada vez máis circular, coma unha buxaina inqueda, ía consumindo sen tregua os restos da pitanza, e

estaba a punto de comer a derradeira ostra. Antes de abril ergueuna coa punta dos dedos ata poñela á altura da boca. Alí detívose imaxinando por un intre o supremo pracer. Logo cambiando de opinión elevouna ata o nariz. Demorouse con fruición e foi subíndoa devagar ata os ollos para a través deles chuchala mellor polas fosas nasais. Con certa pesadume somnolenta estivo así uns intres deleitándose de antemán; e foi entón cando todos puideron ver con estupor como o animalíño se inflaba e se inflaba abrindo lento, moi lento, as súas descomunais valvas; e primeiro pola cabeza e logo polo resto enguliu a don Braulio, que non puido ampararse en nada. Traballosamente pechou as súas bisagras con ruído de estoxo nacarado, e con inesperada rapidez dirixiuse á porta lanzándose grosa pola costa. Atravesou a praza, a rúa maior e a estrada ata chegar ao río. Dende alí, nadando, perdeuse na anchurosa mar. Zoísmo, cravado no asento seguía a escena coa sorpresa dun paxaro cegado por un golpe repentino de luz. Ao cabo dun anaco aclaráronse as ideas e intentou ir na axuda do seu infortunado amo. Non puido facelo. Unha ostra cativa, que el mesmo desprezara por imposible, aferrouno xusto pola volta do pantalón de campá, e sen pensalo máis seguiu os pasos da súa proxenitora e arrastrou a Zoísmo e ao tallo pola costa e a praza ata chegar tamén ao valado do río por onde desembocan as cloacas. Alí, e como quen tira cun escarvantes, cuspiu ao infeliz Zoísmo, que foi caer nunha lama malévola, que o cubriu rauda ata o bigote e o fixo espernexar e mover os brazos coma unha aspa do muíño. Só deste xeito se puido desprender da súa incómoda prótese. Demasiado tarde. Unha onda de deterxente terminou por empurralo, inexorable, tras as pegadas do seu admirado mentor.

Na taberna do Coxo os habitantes da parroquia seguían flemáticos e divertidos a rebelión das ostras, os ollos perdidos no anuncio de Garvey e un comprensivo sorriso, apenas esbozado, no fondo do espello.